

## ADMINISTRACIÓN LOCAL

### MUNICIPAL

#### AS PONTES DE GARCÍA RODRÍGUEZ

##### Persoal

*Oferta de emprego público correspondente ao ano 2021*

##### ANUNCIO

##### Expediente núm. 2021/X999/003215

En cumprimento do disposto no artigo 70.2 do texto refundido da Lei do estatuto básico do empregado público, aprobado polo Real decreto lexislativo 5/2015, do 30 de outubro (TRLEBEP), faise pública a oferta de emprego público do Concello das Pontes de García Rodríguez correspondente a 2021, aprobada pola Xunta de Goberno Local en sesión extraordinaria que tivo lugar o 15 de decembro de 2021, co seguinte detalle:

##### 1. QUENDA LIBRE

Persoal funcionario:

- Núm. de prazas: unha (1)
- Denominación: administrativo/a
- Escala: administración xeral
- Subescala: administrativa
- Grupo: C. Subgrupo: C1

2. QUENDA LIBRE OU QUENDA DE MOBILIDADE HORIZONTAL (artigo 35.4 da Lei 4/2007, do 20 de abril, de coordinación de policía locais)

Persoal funcionario:

- Núm. de prazas: unha (1)
- Denominación: policía
- Escala: administración especial
- Subescala: servizos especiais
- Clase: policía local e os seus auxiliares
- Escala segundo o artigo 24.2 da Lei 4/2007, do 20 de abril, de coordinación de policía locais: básica
- Grupo C. Subgrupo: C1

A convocatoria determinará se a praza de policía será cuberta polo sistema de concurso entre funcionarios doutros corpos da Policía Local da Comunidade Autónoma (quenda de mobilidade), en cumprimento co establecido no artigo 35.4 da Lei 4/2017, do 20 de abril, de coordinación de policía locais (de Galicia) ou se se convoca en quenda libre.

4º). A fracción do 7 por cento das prazas ofertadas no presente ano 2021 que corresponde ao cupo de reserva para persoas discapacitadas (artigo 59.1 do TRLEBEP), será agregada á fracción da OEP do ano 2020 e ás fraccións que procedan correspondentes ás ofertas dos vindeiros exercicios.

5º). Remitir o presente acordo á Administración Xeral do Estado, tal e como establece a disposición adicional primeira do Real decreto 636/2021, do 27 de xullo, polo que se aproba a oferta de emprego público para o ano 2021.

6º). Publicar o contido da oferta de emprego público no Boletín Oficial da Provincia da Coruña (BOP), como dispón o artigo 70.2 do texto refundido da Lei do estatuto básico do empregado público, aprobado polo Real decreto lexislativo 5/2015, do 30 de outubro (TRLEBEP).

Contra a presente acordo, que esgota a vía administrativa, poderase interpor un recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo núm. 1 de Ferrol (A Coruña), no prazo de dous meses contados desde o día seguinte ao da súa publicación, de conformidade co disposto nos artigos 46 e concordantes da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa (LRXCA).

Malia o anterior, as persoas interesadas poderán interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo dun mes perante o órgano que a ditou. Neste caso non se poderá interpor o recurso contencioso-administrativo antedito mentres non se adopte acordo expreso ou presunto do recurso administrativo de reposición, ao abeiro do disposto nos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

As Pontes de García Rodríguez, 15 de decembro de 2021

A concelleira-delegada da Área de Recursos Humanos, Industria e Emprego

Ana María Pena Purriños

2021/8672